



Resolución da Comisión I do proceso selectivo para a provisión de postos vacantes no cadro de persoal da sociedade mercantil pública autonómica EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA), convocado por Acordo do 27 de setembro de 2023.

ASUNTO: resolución das alegacións presentadas contra a lista de puntuacións totais da categoría Oficial 2º Administrativo (ADM2).

- 1 Conforme ao establecido nas bases que rexen o proceso selectivo no seu apartado IX. Proposta de nomeamento e contratación laboral, esta Comisión publicou o 7 de outubro de 2024 na páxina web de SEAGA (www.epseaga.com) o Acordo polo que se publica a lista de puntuacións totais da categoría Oficial 2º Administrativo (ADM2).

Dentro do prazo de cinco (5) días hábiles a partir do día seguinte ao da súa publicación presentou alegacións o seguinte aspirante:

- Santiago Novo Rama:

En canto á alegación relativa á avaliación da experiencia profesional doutra aspirante, non procede a súa admisión neste momento do procedemento selectivo toda vez que, de conformidade co previsto na Base VIII.2. da convocatoria, transcorrido o prazo previsto de 10 días para alegacións, e unha vez resoltas as presentadas no dito prazo, tal valoración de méritos adquiriu o carácter de definitivo.

Porén, esta Comisión advertiu a existencia dun erro no sumatorio dun dos períodos laborais computados polos servizos prestados en empresas privadas da aspirante Analía Rivadulla Bello, que é necesario emendar.

En consecuencia, cómpre corrixir o referido erro aritmético advertido no cómputo da experiencia profesional da dita aspirante, que pasa a ser de 8,93. Polo tanto, a puntuación final da súa valoración de méritos pasa a ser de 18,43 puntos, resultando unha puntuación final de 86,06 puntos.

En canto á alegación da desconformidade coa puntuación da entrevista persoal en comparación co resto dos aspirantes e coa puntuación outorgada pola Comisión IV para un posto da mesma categoría, esta Comisión desestima a alegación. A Comisión atendeu aos parámetros e criterios preestablecidos polas bases da convocatoria para o seu desenvolvemento, sen que necesariamente a súa valoración teña que coincidir coa realizada por outra Comisión en relación con outras entrevistas correspondentes a un proceso selectivo diferente.





De acordo co apartado VIII.4 Entrevista persoal das bases os aspectos a avaliar na entrevista son os seguintes:

- Aspectos do currículo académico e profesional do aspirante.
- Demostración do coñecemento xeral do Sector Público e do contexto da actividade da Empresa.
- Aptitude en relación coas funcións propias do posto e das actividades a desenvolver.
- Capacidade de resposta ante situacións concretas propostas na entrevista.
- Capacidade xeral de comunicación, claridade e precisión nas respostas.

A entrevista persoal ten por obxecto, precisamente, que a Comisión poida valorar de forma directa as capacidades e aptitudes da persoa aspirante a través da información que esta lle facilita e a Comisión valorou de forma completa todos os aspectos relacionados.

Esta Comisión non pode entrar a valorar a entrevista efectuada por outra comisión nun procedemento selectivo diferente, o que estaría fora da súa competencia; ademais, a actitude e desenvolvemento de cada unha é autónoma e diversa.

Polo que se refire á solicitude da copia da acta de avaliación das entrevistas, esta Comisión entende que non procede a exhibición da mesma xa que contén información comunicada por outras persoas aspirantes con datos de carácter persoal e non consta o consentimento das persoas afectadas.

2. En consecuencia, cómpre modificar o acordo polo que se aprobou a lista de puntuacións totais definitiva da categoría oficial 2ª administrativo (ADM2) que pasa a ser a seguinte:

Categoría: Oficial 2º Administrativo Código proceso: ADM2						
Orde prelación	DNI	Apelidos e Nome	Nota proba coñecemento	Valoración méritos	Entrevista persoal	Puntuación total
1	**2838***	Pérez Barcia, Ana María	58,13	28,50	9,5	96,13
2	**3341***	Sindin Grandas, María Trinidad	58,13	27	8,5	93,63
3	**5801***	Yáñez Miragaya, Carlos	54,38	29,50	8,5	92,38





4	**8979***	Novo Rama, Santiago	51,75	29	6	86,75
5	**4831***	Rivadulla Bello, Analía	58,13	18,43	9,5	86,06
6	**9812***	Falcón Belmonte, Raúl	39	30	9	78
7	**2961***	Sánchez del Río, Irene María	51	19,31	6	76,31
8	**2976***	Vilela Mujico, Montserrat	39,38	24,50	7	70,88
9	**4857***	Fraga Louzán, Silvia	46,88	11,55	8	66,43
10	**3335***	Salgado Treitas, María Elena	45,75	11,64	8,5	65,89
11	**1532***	González Campo, Greta	54,38	1,51	6	61,89
12	**8882***	Grandío Díaz, María del Carmen	46,88	6,50	6,5	59,88
13	**8217***	Velasco López, Pedro	58,13	0	NP	58,13
14	**9799***	Bangueses Fernández, Gabriel	39	10,08	7	56,08
15	**4535***	Vila Fabello, María Dolores	42,38	5,51	7	54,89
16	**9324***	Moledo Laíño, Ángela	50,63	0	NP	50,63
17	**4765***	Miguel Dougoud, María Jose	35,25	7,50	7	49,75
18	**5118***	Cabezuelo Villarín, Miriam	41,25	0	6	47,25

**NP: Non presentado/a*

Asinado dixitalmente

Presidenta:

Marta Pardo Manzanares

Secretaria:

María Teresa Delgado Calvo

